



ASUNTO □ Informe de fiscalización previa da aprobación da Convocatoria para a selección e contratación de 2 auxiliares de policía local, como persoal laboral temporal, durante 6 meses.

Dacordo co artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por o que regúlase o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público, e a Base 33.6.A Bases de Execución do Orzamento, emítese o seguinte

INFORME DE FISCALIZACIÓN PREVIA DE INTERVENCIÓN

PRIMEIRO.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

1. Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, LRBRL.
2. Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réximen local, TRRL.
3. Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réximen de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
4. Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
5. Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, LMRFP.
6. Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP
7. Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, TRLET.
8. Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia.
9. Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado.
10. Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
11. Bases de Execución do Orzamento para o exercicio.
12. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- ANTECEDENTES.

- Expediente de contratación.
- Informe de Secretaría de data de asina do documento electrónico.
- Bases de selección persoal laboral temporal para a selección e contratación de 2 auxiliares de policía local, durante 6 meses.



- Proposta de Resolución da Alcaldía de data de asina do documento electrónico, de aprobación de Bases e convocatoria de selección persoal laboral temporal para a selección e contratación de 2 auxiliares de policía local, durante 6 meses.

TERCEIRO.- EXTREMOS CON CARÁCTER XERAL.

Existencia de crédito orzamentario e que o proposto sexa o adecuado á natureza do gasto.

Órgano competente para a tramitación do expediente.

Alcalde. Avocación.

Xunta de Goberno Local. Delegación de competencias Decreto 184/2015.

CUARTO.- EXTREMOS DE CARÁCTER ESPECÍFICO.

Que figure no Anexo de persoal como laboral temporal.

Non consta no anexo de persoal, so consta un policía local, non auxiliares.

QUINTO.- OUTROS EXTREMOS OBXETO DE COMPROBACIÓN.

Informe sobre o importe das contratacións.

Informe con proposta de resolución, onde se conteña a enumeración dos feitos e disposicións legais aplicables (Artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro)

Contratación de persoal laboral temporal.

Declaración da excepcionalidade e das necesidades urxentes e inaprazabres. Artigo 19. Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018, prorrogados para o exercicio 2019.

A contratación repítese no tempo, polo cal non se trata nin de acumulación de tarefas nin dunha necesidade excepcional.

Deberá declararse estas circunstancias no momento da contratación. De tal xeito, co Concello deberá xustificar o carácter excepcional da necesidade que obriga a realizar a contratación temporal, é dicir, que non se trate de cubrir unha eventualidade ordinaria. E que cos medios persoais de que dispón o Concello, mediante unha planificación, reorganización, reasignación de efectivos, etc, non é posible atender as necesidades.

De tal xeito, que a carga de motivar e xustificar correspóndelle ao Concello, polo que sería necesario un informe detallado sobre os medios persoais existentes no Concello, con descrición minuciosas dos labores e horarios de traballo de cada un dos membros do persoal nas categorías aptas para prestar o servizo e con explicación pormenorizada dos motivos polos que, con devanditos efectivos globais do Concello, resulta materialmente imposible realizar esas funcións co persoal do persoal do Concello.



O explicado anteriormente, foi avalado por distintas sentenzas da Jurisdicción Contencioso-Administrativa de Galicia, tales como, o Xulgado Contencioso-Administrativo de orense, en diversas sentenzas, Sentencia 207/2013, Sentencia 208/2013, Sentencia 206/2013 e Sentenza 205/2013.

En canto a **contratación temporal**, é necesario facer referencia a se a praza é ou non estrutural.

O artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

Pola súa parte, o artigo 103 da mesma Lei sinala que o persoal laboral será seleccionado pola propia Corporación aténdose, en todo caso, ao disposto no artigo 91 e co máximo respecto ao principio de igualdade de oportunidades de cantos reúnan os requisitos esixidos.

O artigo 177.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, permite a contratación de persoal laboral temporal ou de duración determinada. O réxime de tales relacións será, na súa integridade, o establecido nas normas de dereito laboral.

O artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece os supostos nos que poderán celebrarse contratos de duración determinada, que en síntese, serán por obra ou servizo, por acumulación de tarefas, e por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo.

Os artigos 9.3 do Real Decreto 2720/1998, e 15.3 do TRLET determinan que se presumirán por tempo indefinido os contratos temporais celebrados en fraude de lei. E o apartado 5 do citado artigo 15 do TRLET sinala que sen prexuízo do disposto nos apartados 1.a), 2 e 3 do mesmo, os traballadores que nun período de trinta meses estivesen contratados durante un prazo superior a vinte e catro meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo coa mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dous ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos.

A disposición anterior, ven a recoller a **xurisprudencia de Tribunal Supremo e**



de Tribunais Superiores de Xustiza, ditada en relación coas contratacións temporais das administracións públicas, en sentencias como STS de 7 de outubro de 1996, STS 24 de abril de 1997, STS de 27 de maio de 2002, que en definitiva avogan polo outorgamento dun carácter indefinido do contrato, no sentido de que este non estará sometido, directa ou indirectamente, a un termo, pero isto non supón que o traballador consolide, sen superar os procedementos de selección, unha condición de fixeza no cadro de persoal que non sería compatible coas normas legais sobre selección do persoal fixo nas Administracións Públicas.

Ademais hai que sinalar tamén que o Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social configura como infracción grave *“a transgresión da normativa sobre modalidades contractuais, contratos de duración determinada e temporais, mediante a súa utilización en fraude de lei ou respecto a persoas, finalidades, supostos e límites temporais distintos dos previstos legal, regulamentariamente, ou mediante convenio colectivo...”*.

Por outra banda o artigo 27 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que *“1. Os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal de conformidade cos procedementos contemplados no convenio colectivo que resulte de aplicación. En todo caso, para a contratación deste persoal laboral non se poderá acudir ás empresas de traballo temporal.*

2. Os postos vacantes cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal incluíranse na primeira oferta de emprego público que se aprobe logo desa contratación e nos seguintes concursos de traslados, salvo que se dispoña a súa amortización.

3. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei non poden converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal. Incorrerán en responsabilidade, nos termos previstos por esta lei, as persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal.

4. A prestación de servizos en réxime de persoal laboral temporal non constitúe mérito preferente para o acceso á condición de persoal laboral fixo. Non obstante o anterior, o tempo de servizos prestados computarase nos supostos de concurso-oposición ou de concurso, nos termos que se establezan na correspondente convocatoria”.

Advírtese, por tanto, da responsabilidade en que, con respecto a esta



contratación, asumen dende a perspectiva desta recente norma autonómica, o persoal e autoridades municipais que coa súa actuación podan dar lugar a que, por vulneración da normativa reguladora da contratación temporal, se produza a conversión dunha relación en principio temporal nunha relación indefinida.

Polo tanto, a maior parte destas prazas sacadas temporalmente, non teñen dito carácter, senón que son necesarias para o adecuado funcionamento e polo tanto teñen carácter estrutural, polo que sería necesario a correspondente convocatoria da Oferta de emprego público, na medida ca Lei de Orzamentos do Estado o permita.

Por último sinalar ca temporalidade dunha relación laboral non pode argumentarse en co seu financiamento esté sometido a unha subvención, sinalando esta circunstancia o Tribunal Supremo na senteza do 12 de marzo de 2012, xa ca temporalidade afecta exclusivamente a financiación do servizo, non á prestación do mesmo.

Por último, haberá que ter en conta os principios de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financeira e eficiencia na xestión dos recursos públicos introducidos no ámbito local pola Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e a Lei de 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da administración local, que impiden con carácter xeral asumir calquera competencia ou servizo que corresponda a outra administración, que supoñan unha duplicidade na súa prestación, ou que poñan en risco a sostenibilidade financeira, aínda sendo competencias propias das Entidades Locais.

SEXTO.- CONCLUSIONES. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN:

SEN FISCALIZAR.

FISCALIZADO.

Dacordo co todo sinalado anteriormente, procédese:

Devólvese o expediente para subsanación de erros, ou, no seu caso, achega dos documentos preceptivos.

Informe desfavorable por motivos que non suspenden a tramitación.

Procede a tramitación do expediente. Sen perxuízo das irregularidades detectadas.

REPARO 22/2019. Suspéndese a tramitación do expediente, ata que os reparos sexan solventados polo Alcalde, polos seguintes motivos:

Non foron fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

Derivado de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Suspéndese a tramitación do expediente, ata que os reparos sexan solventados por o Pleno, por os seguintes motivos:



CONCELLO DE CHANTADA

Nº Expdte	97/2019
Fase	A
Importe	19.876,80

- Insuficiencia o inadecuación de crédito.
- Obrigas o gastos da súa competencia.

O presente informe emítese no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención

En Chantada, a data da sinatura electrónica.

A INTERVENTORA,

Asdo.: M^o CRISTINA GONZÁLEZ SANTÍN

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE